

**BASES QUE REXIRAN A SELECCION DE PARTICIPANTES NO
CAMPAMENTO CONCILIACION FAMILIAR VERAN 2021**

PRIMEIRA.- O Concello de Moraña vai a realizar un “CAMPAMENTO CONCILIACION FAMILIAR VERAN 2021”, co obxecto de facilitar ós veciños e veciñas que o necesiten a conciliación da vida familiar durante as vacacións de verán, 2021.

A prestación do servizo será durante os meses de xullo e agosto, en días laborables de 9:00 a 14:00 horas, e para un total de 30 nenos de 3 a 12 anos.

O obxecto destas bases é establecer os requisitos dos participantes na citada actividade e os criterios de selección no suposto de que se inscriban máis de 30 nenos.

SEGUNDA.- Requisitos dos participantes:

- Nenos e nenas de 3 a 12 anos.
- Estar empadroados no Concello de Moraña a 01-06-2021.
- Non ter alternativa de conciliación.

TERCEIRA.- Documentación a presentar:

- Solicitud que se facilitará nas oficinas do concello ou na Biblioteca Pública.
- Fotocopia dos DNI do solicitante e do neno/a.
- Certificado de empresa conforme traballan os dous proxenitores.
- Certificado de convivencia
- Sentenza de separación ou divorcio, de ser o caso.
- Declaración da renda ou calquera outro xustificante dos ingresos da unidade familiar.

CUARTA.- Lugar e prazo de solicitudes:

As solicitudes poderán presentarse a través da sede electrónica do concello <https://sedelectronica.morana.gal> ou ben presencialmente nas oficinas do concello, dende o 15-06-2021 ata o 25-06-2021.

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553 442
N.º de Rexistro de Entidades Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A



QUINTA.- Criterios de selección:

Se o número de inscricións é superior a 30 nenos, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Ingresos da unidade familiar.
- b) Nenos da mesma unidade familiar.
- c) Que traballen os dous pais

SEXTA.- Unha vez valoradas as solicitudes, publicarase o listado dos participantes admitidos no Taboleiro de Anuncios do Concello o día 28-06-2021.

Documento asinado electronicamente

